

## Cadro 2. Materias, créditos do máster en Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias.

Materias	Créditos ECTS	Carácter
Nutrición e saúde	6	Obrigatorio
Novos métodos de conservación de alimentos	6	Obrigatorio
Seguridade alimentaria	6	Obrigatorio
Principios xerais de lexislación alimentaria	3	Optativo
Métodos oficiais na análise dos alimentos	3	Optativo
Alimentos transxénicos	3	Optativo
Calidade microbiolóxica dos alimentos	3	Optativo
Microbioloxía e tecnoloxía de produtos da pesca	3	Optativo
Aplicación de novas tecnoloxías e ingredientes na elaboración de alimentos de orixe animal	3	Optativo
Biotecnoloxía dos alimentos fermentados	3	Optativo
Deseño e simulación por ordenador de plantas de produción de alimentos	3	Optativo
Enxeñaría de procesos na industria alimentaria	3	Optativo
Acreditación da calidade e APPCC na industria alimentaria	3	Optativo
Rastrexabilidade e autenticidade de alimentos de orixe animal	3	Optativo
Análise sensorial e estudos de consumidores	3	Optativo
Traballo de fin de máster	24	Obrigatorio

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Anuncio do 25 de agosto de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a data, o lugar e a hora da repetición da parte B3 (exercicio práctico) da proba única da fase de oposición do procedemento selectivo para o acceso á especialidade de técnicas e procedementos de imaxe e son do corpo de profesores técnicos de formación profesional, convocado pola Orde do 16 de marzo de 2010.*

Por Resolución do 24 de xullo de 2010 desta dirección xeral estímense parcialmente recursos de alzada presentados en relación co desenvolvemento da fase de oposición do procedemento selectivo convocado pola Orde do 16 de marzo de 2010 (DOG do 5 de abril) para o acceso á especialidade de técnicas e procedementos de imaxe e son do corpo de profesores técnicos de formación profesional. A dita resolución ordena retrotraer o procedemento selectivo para o acceso á especialidade de técnicas e procedementos de imaxe e son do corpo de profesores técnicos de formación profesional ata o momento anterior á realización da parte B3 (exercicio práctico) da proba única da fase de oposición.

Por medio deste anuncio comunícase para xeral coñecemento que a repetición da parte B3 (exercicio práctico) da proba única do procedemento selectivo convocado pola Orde do 16 de marzo de 2010 (DOG do 5 de abril) para o acceso á especialidade de técnicas e procedementos de imaxe e son do corpo de pro-

fesores técnicos de formación profesional terá lugar no IES de Imaxe e Son da Coruña (sito na rúa Somo-so 6), o día 11 de setembro de 2010, ás 10.00 horas.

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2010.

José Manuel Pinal Rodríguez  
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

### SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Corrección de erros.-Resolución do 22 de xullo de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se convoca concurso de traslados para a provisión de prazas de diversas categorías de persoal estatutario deste organismo.*

Advertido erro no anexo da dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 151, do 9 de agosto de 2010, cómpre efectuar as oportunas correccións:

-Na páxina 14.452, anexo IV.

Debe engadirse:

Pediatria de Atención Primaria			
Código praza	Centro	Quenda	Municipio
679861	Carballo-Malpica	M	Carballo

-Na páxina 14.452, anexo IV.

Onde di:

Pediatria de Atención Primaria			
Código praza	Centro	Quenda	Municipio
679150	Curtis	M	Curtis

Debe dicir:

Pediatria de Atención Primaria			
Código praza	Centro	Quenda	Municipio
679150	Curtis-Teixeiro-Sobrado-Vilasantar	M	Curtis

*Resolución do 9 de agosto de 2010, da Dirección da Área Sanitaria de Ferrol, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de avaliación colexiada, do posto de xefe do Servizo de Microbioloxía.*

Convocada por Resolución AC-01/2010, do 12 de abril de 2010 (DOG nº 93, do 19 de maio), a provisión, polo sistema de avaliación colexiada, do posto de xefe do Servizo de Microbioloxía, a Dirección da Área Sanitaria de Ferrol, á vista das solicitudes e méritos acreditados polos aspirantes, de conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, así como no artigo 3 da Orde do 24 de maio